



Jone Irazu

Nado en Asteasu en 1951, o nome real de **Bernardo Atxaga**, un dos escritores vascos máis sobranceiros de todos os tempos, é Jose Irazu Garmendia. Entre os seus libros publicados en galego e castelán cabe salientar *Obabakoak* (1989, Premio Euskadi, Premio Nacional de Narrativa), *O fillo do acordeonista* (2004, Premio Grinzane Cavour, Premio Mondello, Premio *Times Literary Supplement Translation Prize*), *Sete casas en Francia* (2009, finalista no *Independent Foreign Fiction Prize* e seleccionado pola revista *Publishers Weekly* como un dos quince mellores libros de ficción publicados nos Estados Unidos no 2012) e *Días de Nevada* (2013).

No ámbito da literatura infanto-xuvenil, destacan *Memorias dunha vaca* (1991, incluído no catálogo de Julia Eccleshare *1001 Children's Books You Must Read Before You Grow Up*) e os libros do personaxe Shola (*The Adventures of Shola* foi elixido por The Independent como un dos mellores libros infantís de 2013, e no 2015 obtivo o Premio Marsh).

En canto á poesía, publicou o seu primeiro libro, *Etiopía*, en 1978, e foi Premio Cesare Pavese do ano 2003 pola tradución italiana de *Poemas & Híbridos*.

A súa obra está traducida a máis de trinta linguas, e foi levada ao cinema por Montxo Armendariz, Aizpea Goenaga, Imanol Rayo e Fernando Bernués. É membro de Euskaltzaindia, a Academia da Lingua Vasca, e en 2014 foi nomeado pola AELG Escritor Galego Universal.

ARCAICO CORAZÓN

*Ti, que es coma unha casa
feita de arxila:
pequena, fráxil,
de catro habitacións;*

*Ti, que te enches de pantasma,
e que te asustas,
e que choras,
cando chega a noite;*

*Ti, que na escuridade
te fas pedazos
coma un peto de barro
guindado contra o chan;*

*Ti, arcaico corazón,
mira pola xanela,
mira cara a esa fraga
que xa reverdece.*

*Ti, que unha vez caído
berras palabras
nunha lingua
que eu non comprendo,*

*E que dis Der Tod
Ist ein Meister
Und du, Zur Linken,
Des menschen Sinn;*

*Que dis Helian,
Einsamen Helian,
Abends grauen
flammendes;*

*Ti, arcaico corazón,
entra nesa fraga:
xurdiu da arxila,
coma ti.*

← **(BERNARDO ATXAGA)**

Luns **17** de decembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS
DI(n)VERSOS 2018

 CORUÑA
PRÓXIMA

Antón Reixa



Vigués do 57, **Antón Reixa** é autor de narrativa, teatro, prensa e poesía. Comezou o seu traballo literario a finais dos 70 como fundador do grupo de comunicación poética Rompente, e baixo o seu selo se estreou co *Silabario da Turbina*. Nas seguintes décadas seguiríanlle, entre outros, *A Dama que fala* nos 80, o vídeo-libro *Ringo Rango* nos 90, *Látigo de algas* nos 2000 ou as súas cancións compiladas baixo o título *Viva Galicia Beibe* en 2016. Dun cariz máis narrativo, a súa última obra publicada é a recentísima *MICHIGAN/ Acaso Michigan*.

Como músico foi cantante e letrista, fundamentalmente con Os Resentidos. Por outra banda, exerceu como profesor de lingua e literatura galegas no ensino secundario, mais acabou por orientar moito a súa faceta profesional cara o audiovisual; dirixindo, producindo e escribindo guións para tv e para o cinema (produciu máis de vinte filmes, incluídos *O lapis do carpinteiro* ou *Gordos*), ademais de ser autor de videocreacións, director e produtor dunha chea de videoclips, documentais, espazos de reportaxes, teleseries e programas de radio. Reixa presidiu a produtora Filmanova e as súas filiais entre 1999 e 2017. Tamén foi presidente do Clúster Audiovisual de Galicia e mais da SGAE, e na actualidade traballa no CGAI, a filmoteca de Galicia. Mentras, continúa co seu traballo literario e de letrista, amais de colaborar en medios escritos (entre eles Luzes. gal), radiofónicos (é tertuliano con Julia Otero) e audiovisuais.

SISMOGRAFÍA IMAXINARIA

*Chover choveu mais nunca antes tal chovera
E a muller da curva morreu non sabendo que sabía a fórmula da coca cola
E no mesmo momento un ril foi extirpado a alguén que durmía
Non sabendo que mentres el durmía outro eu estaba esperto alá no lonxe
E unha coral de GPSs tatexaba o himno dos quirófanos no Hospital Capricho
Amor ferido e beixos de bos días
Na mesma noite noiteboa noite vella noite chea
E as radiografías servían de sismógrafos
Soidades parabólicas
E unha muralla romana feita de exemplares da Enciclopedia Británica
Un anticristo antes de cristo predicando lendas imposibles
E como un dálle que non mira pero mira dálle dálle
E doulle!*

← **(ANTÓN REIXA)**

Luns **17** de decembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(n)VERSOS 2018

Bernardo Atxaga

 **CORUÑA**
PRÓXIMA